

An aerial photograph of a rural landscape. In the foreground, a river flows through a rocky, light-colored terrain. The middle ground shows a village with several buildings, including a prominent church with a tall spire. The background consists of rolling hills and fields under a hazy sky. The text is overlaid on the center of the image.

CASRELO DE MIÑO QUEREMOS SAUDARŔE CAMIÑO DEBDE MIÑOZO RIBEIRO

Parroquia de Santa María (Castrelo de Miño). Anos 40.  
Imaxe de Xoaquín Lorenzo. Fondo documental do MUSARQ Ourense.

Con **Queremos SaudArte desde o Camiño Miñoto-Ribeiro**, a Asociación Camiño Miñoto-Ribeiro e a Área de Medicina Preventiva da Universidade de Vigo, pretenden realzar a beleza do Camiño Xacobeo Miñoto-Ribeiro co obxectivo de que esta ruta non quede no esquecemento, cunha exposición itinerante polas localizacións que centos de anos atrás foron testemuña da peregrinaxe cara a Santiago de Compostela.

Da man de Lourdes Maceiras, os artistas involúcranse coas súas creacións, recoñecendo un camiño esquecido. E así, tamén, os municipios de Lobios e Entrimo, na Baixa Limia; Castro Leboreiro e Melgaço, en Portugal; os de Padrenda, Pontedeiva, en terras de Celanova; Cortegada, A Arnoia, Castrelo de Miño, Ribadavia, Beade e Leiro, no Ribeiro; e Boborás e Beariz, como despedida das terras ourensás para penetrarnos nas provincias de Pontevedra e A Coruña. Todos eles participan gozosos desta apaixonante iniciativa coa que tratan de buscar o merecido recoñecemento oficial como un Camiño de Santiago máis.

O tramo do camiño medieval ao seu paso polo concello de Castrelo de Miño conta cunha lonxitude aproximada de 5 km., e, como no resto de localidades por onde transcorre, aínda se poden rastrexar as súas pegadas, como así o testemuña, entre outras, a presenza da orden militar de San Xoán de Xerusalén en Santa María.



**DO 5 DE MARZO  
AO 5 DE XUÑO DE 2017**

HORARIO DE 10.30 A 13.30

**SALA TURCASTRELO**  
PARQUE NÁUTICO DE CASTRELO. 1º ANDAR  
ALEJANDRO FERRER, S/N  
CASTRELO DE MIÑO - OURENSE

988 493 000

Comisaria de exposición: **Lourdes Maceiras**

Persoas que participan coas súas obras: Miguel Amigo; Antón Aparicio; Manuel Barreiro; Ángel Carracedo; José C. Castro; Victoria Castro; Antonio Díaz; Luciano García; Federico García; Victorino García; Aurora González; Ignacio Granero; Mercedes Hernández; J. Luis Iglesias; Manuel López; JoLoPe; Lourdes Maceiras; Mariña Maceiras; Ana Martínez; Rosa Moreno; Seneniña; Olga Poza; ArtSônia; Tomás Rabanos; Marcial Regueiro; Manuel Robles; Eos Selene; Pilar Turbón; Manuel Uhía; Xesús Vázquez; Fidel Vidal; Xan Vieito; Roberto Vila; Daniela Puga; René Pérez; Leticia; Roberto Vila Sexto e Horacio Paz.